Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros, A Coruña
981 826 050
correo@muros.gal
muros.gal

ACTA NÚM. 4 DA SESIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE DÚAS PRAZAS DE LIMPEZA VIARIA (GRUPO V), INCLUÍDAS NA OPE 2024 (*Resolución de Alcaldía núm. 383/2026, do 27 de abril)*

Na Casa do Concello, o día 2 de novembro 2026, ás 8:30 horas, reúnese o tribunal, rematando a sesión ás 10:30 horas,

PERSOAS ASISTENTES

Presidencia: José Manuel Mayo Priegue

Secretaría: Graciela Castro Alvela

Vogalías: Joaquín José Barreiros Pais; Dominga Fernández Lado e Francisco Abelardo Lestón Lago

ORDE DO DÍA

Na orde do día incluíuse a resolución dunha reclamación presentada en prazo e a valoración provisional da fase de concurso.

ACORDOS:

PRIMEIRO. Vista a reclamación presentada polo aspirante José Manuel Quintián Agrofojo, o 23 de outubro de 2026, en relación cos criterios de corrección e a valoración das preguntas 5.1 e 5.2 do exercicio, o tribunal acorda o seguinte:

- En relación coa reclamación relativa á pregunta 5.1, desestímase a alegación formulada, xa que durante a proba as persoas aspirantes puideron observar directamente unha varredora mecánica real, na que os difusores de auga, de cor vermella alaranxada, están situados encima dos cepillos. O aspirante indicou na súa resposta que estaban situados por debaixo dos cepillos, polo que a súa contestación foi incorrecta, e non procede modificar a súa puntuación neste apartado.

- En relación coa reclamación relativa á pregunta 5.2, respecto á identificación de tres tipos de varredoras, cómpre sinalar que a persoa aspirante obtivo a máxima puntuación. Polo que a súa alegación non supón ningunha modificación da súa cualificación.

Finalmente, o tribunal acorda desestimar a reclamación presentada polo aspirante, ao non proceder a modificación da puntuación outorgada nas preguntas 5.1 e 5.2 do exercicio.

SEGUNDO. Revisada a documentación achegada polas persoas aspirantes, o tribunal procede á valoración provisional da experiencia profesional acreditada en postos de traballo de características semellantes ás da praza convocada, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, e ata un máximo de 35 puntos:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	35,00
Lado Fernández, Brais	***3214**	0,00
Lado Nine, Begoña	***8757**	11,20
Lado Santiago, Lucrecia	***4572**	18,00
Lestón Lestón, Dolores	***8583**	1,46

CVD: A8XcTlrMtz0i0FhvDxEC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros, A Coruña
981 826 050
correo@muros.gal
muros.gal

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL
Lestón Lestón, María Natalia	***7670**	7,84
Pais Fernández, Dolores Eva	***9443**	10,10

TERCEIRO. Revisada a documentación achegada polas persoas aspirantes, o tribunal procede á valoración dos cursos de formación relacionados coas funcións da praza convocada e accións formativas de carácter transversal previstas nas bases, ata un máximo de 5 puntos:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	0,00
Lado Fernández, Brais	***3214**	0,00
Lado Nine, Begoña	***8757**	5,00
Lado Santiago, Lucrecia	***4572**	5,00
Lestón Lestón, Dolores	***8583**	0,60
Lestón Lestón, María Natalia	***7670**	5,00
Pais Fernández, Dolores Eva	***9443**	5,00

CUARTO. Unha vez efectuada a valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, o tribunal acorda aprobar e publicar os resultados provisionais da fase de concurso, que quedarían como segue:

NOME E APELIDOS	DNI	EXP. PROF. (MÁX. 35)	FORMACIÓN (MÁX. 5)	TOTAL (MÁX. 40)
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	35,00	0,00	93,75
Lado Fernández, Brais	***3214**	0,00	0,00	39,55
Lado Nine, Begoña	***8757**	11,20	5,00	64,95
Lado Santiago, Lucrecia	***4572**	18,00	5,00	81,75
Lestón Lestón, Dolores	***8583**	1,46	0,60	46,81
Lestón Lestón, María Natalia	***7670**	7,84	5,00	60,59
Pais Fernández, Dolores Eva	***9443**	10,10	5,00	70,85

QUINTO. De conformidade co establecido na base 9.3 da convocatoria, concédese ás persoas aspirantes un prazo de 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dos resultados provisionais no taboleiro da sede electrónica municipal, para formular as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas.

Muros, 3 de novembro de 2026.

A secretaria

O presidente

CVD: A8XcTlrMtz0i0FhvDxEC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/